

# CASEI CUNHA TECELÁ

1

Casei cunha tecelá  
por deprender a tecer  
e o de quita, mete e saca  
nunca o puiden aprender.

2

Costureira non a quero,  
tecelá xa che ma dan;  
quéroche unha labradora  
que saiba coce-lo pan.

3

Miña nai é tecelá  
ten o tempero no dedo;  
ó que non lle paga ben  
fai lle a conta no novelo.

4

Funche ve-la tecelá  
por deprender a tecer;  
sube, baixa, mete e saca,  
nunca o puiden aprender.

♩ = 120



Ca - sei cu - nha te - ce - lá



por de - pren - der a te - cer



e o de qui - ta, me - te e sa - ca



nun - ca o pui - den a - pren - der.